

COMARCAS

JOSÉ GEA ESCOLANO

EX BISPO DA DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

- ▶ Dende o seu sacerdocio en Lima, Gea Escolano quita ferro á polémica entre a Igrexa e o Goberno e di que as augas volverán «pronto» ó seu cauce
- ▶ Eloxia ó novo bispo de Lugo e destaca «o ben montada que ten a cabeza»

«Algúns queren á Igrexa moi caladiña; pero así, ¿que razón tería de existir?»

POR MARTÍN G. PIÑEIRO (LV)

Desde o seu retiro sacerdotal de Lima (Perú), o valenciano José Gea Escolano (Real de Gandía, 1929), todo un galego de adopción tras 18 anos á fronte da diocese de Mondoñedo-Ferrol, quita ferro á polémica que manteñen en España os bispos e o actual Goberno, algo inusual nun home que adoitaba apagar o lume con gasolina.

¿Na súa estada en Galicia deulle tempo a coller algo diso que lle chaman morriña?

Home, estiven 18 anos en Mondoñedo-Ferrol e lembro todo con moito aprecio e cariño.

¿Pero adoita volver por aquí?

Eu son partidario de que cando un bispo sae da diocese, acabouse o seu labor. Así que para a casa e punto.

En fin. Que nada de nada...

Que non veñas non quere dicir que te esquezas. Teño vinculación, estiven hai pouco para ver a frei Xosé en Lugo; Manuel Sánchez Monge

invítame moito; respondo algúnha que outra entrevistado, pero non é como antes, claro.

Penso que está mellor en Perú que aquí. As cousas coa Igrexa andan algo revoltas...

Entérome da situación que se vive, pero claro, desde aquí non palpas o ambiente real. Penso que a Conferencia Episcopal estivo actuando ben, interpretando a doutrina da Igrexa. Uns queren unha Igrexa moi caladiña, pero se fora así, se tivera que estar calada... ¿que razón tería de existir?

Pois a algúns non lles parece moi ben o que di.

Pero penso que é porque son tempos especiais. As augas van volver pronto ao seu cauce.

Sí, claro. Despois do 9-M.

Eu penso que incluso xa antes.

¿Pero está dacordo en que os bispos pidan o voto para o PP?

A Igrexa pode falar de todo o que se pode falar, pero desde un punto de vista moral. Os bispos deben falar

orientando e proponendo.

Nunca imponendo.

De imponer nada. A doutrina da Igrexa é así. Unha cousa son as opinións pastorais dunha persoa, que poden ser as que sexan, e outra son as cuestións morais e de fe, moito máis serias. Un bispo pode falar no seu nome, non no da Igrexa.

En resumo: que se montou algo desproporcionado ao que en realidade é... ¿non?

Eu penso que sí. Hai que deixar que o tempo corra e cada quen ao seu. Xa se sabe: cada un na súa casa e Deus na de todos [risas].

Sabe que aquí hai quen bota de menos nestes casos unha pastoral ou algunha declaración polémica súa. O 'sanbenito' de armar follóns xa non llo quita nin Deus.

Xa o sei, xa o sei [risas]. Pero iso era aí, en España, porque tiña unha relevancia como personaxe; era un bispo dunha diocese. Aquí non teño esa relevancia.



Gea Escolano. AFP

Llembro a naturalidade coa que se presentaba ante a xente Alfonso Carrasco pese a ser un grande intelectual»

Temos crise social, económica, medioambiental... ¿e espiritual?

Non mundo o que hai é un abandono de fe, sobre todo en Occidente. En España, Francia ou Alemania dá a sensación de que se rexeita a Deus. Aquí é diferente, hai unha búsqueda de Deus e da fe máis seria, pero pouco a pouco aquí tamén nos contaxiamos dese mundo de Occidente.

Por certo, Lugo ten novo bispo e foi párroco da súa diocese algún tempo.

Sí. Alfonso Carrasco practicou o sacerdocio en Cervo dun xeito extraordinario. Farao ben en Lugo. Foi un bo nomeamento.

¿Que destacaría del?

Lembro a naturalidade coa que se presentaba ante a xente pese a ser un grande intelectual e destacaría a súa capacidade, o ben montada que ten a cabeza.

¿Párecese ó seu tío?

O seu tío ten unha boa formación, pero este non se queda atrás.

¿Que tal lle vai por Perú?

Pois moi ben. Estou nunha parroquia dunha barriada de Lima que se chama Santa María de la Providencia, cuns 50.000 habitantes.

¿E como mata o tempo?

Teño moitísimo traballo! Sobre todo confesións. Teño o récord en 10 horas sen parar! Pero todos os días non me saca ningún cinco ou seis horas. Tamén fago celebracións, dou charlas... É máis propio dun párroco que dun bispo.

¿E non pensa en volver?

Mentres teña saúde, non. E iso que a familia mo pide. «Volve, que es un vello», díname. Pero eu non me sinto vello. Despois quizais volva.

¿E abandonou o fútbol e o seu Valencia?

iNon, siquis! Pero parece que non van ben as cousas. Vín algún partido e no me gustou.

Pero o de sufrir, para un bispo, non é nada...

[risas] Claro. A min o de sufrir vai-me na profesión.